



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº /2025

D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente do Concello de Negueira de Muñiz, en uso das atribucións e responsabilidades que ao cargo que ostenta lle corresponden, e en resposta ás necesidades de realizar tarefas de roza manual de vexetación nos pobos e camiños de titularidade municipal, así coma nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia;

Dada a necesidade de realizar un proceso de selección para levar a efecto a contratación do persoal necesario;

No uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases que rexeran o proceso de selección para contratación de tres peóns destinados a realizar tarefas de roza manual de vexetación, cuxo contido se transcribe á continuación:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS PARA REALIZAR TAREFAS DE ROZA MANUAL DE VEXETACIÓN

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a contratación de tres (3) peóns para realizar traballos de roza manual de vexetación, con motodesbrozadora, nos pobos e camiños de titularidade municipal, e nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Dita contratación se efectuará baixo a modalidade de contrato de *duración determinada*, regulado no artigo 15.1 do R.D. Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, e estenderase dende o 1 de agosto de 2025 ata o 30 de setembro de 2025.

O salario bruto mensual a percibir polos traballadores contratados, incluíndo a parte proporcional de pagas extraordinarias, será o seguinte:

- Peón.- 1.449,84 €/mes

As probas de selección se realizarán o vindeiro mércores 23 de xullo, na nave almacén municipal, na estrada Negueira-Pieiga, as 9:30 horas.

2.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- 1 Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Asemade, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- 2 Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- 3 Non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 1 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó cargo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal





laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

2 Estar en posesión do título de Estudos Primarios (certificado de escolaridade ou equivalente)

3 Acreditar o seu coñecemento da Lingua Galega (Nivel CELGA 2). De non poder acreditar esta condición, o candidato deberá realizar unha proba, de quince minutos de duración, consistente na tradución dun texto do Español ao Galego. O resultado de dita proba expresarase como “apto” ou “non apto”, quedando excluído do proceso aquel candidato que obteña a cualificación de “non apto”. (ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOGA nº 34, o 19 de febreiro de 2014).

3.- PARTICIPACIÓN

Os interesados poderán presenta-las súas solicitudes nas oficinas municipais, no prazo de 5 días naturais a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP Lugo, en horario de 09:00 a 14:00 h. Os candidatos deberán presentar, ademais, a seguinte documentación:

- Copia compulsada da titulación requirida.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.
- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que se aducen

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas — coa mención expresa dos motivos de exclusión — e concedendo un prazo de dous días hábiles para presentación de alegación por parte do interesado. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da corporación e na web municipal (www.concellodenegueira.es). A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo salvo que así o acorde a Alcaldía.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso-oposición, no que se valorará a experiencia profesional e a formación e coñecementos dos traballadores. A puntuación máxima será de 10 puntos, de acordo ao seguinte baremo.

1 EXPERIENCIA PROFESIONAL (Puntuación máxima 1 punto):

1. Por servizos prestados en AAPP na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo.
2. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,05 por cada mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.

2 FORMACIÓN (Puntuación máxima: 1 punto):

2.1.- CURSOS: Valoraranse os coñecementos extra-académicos adquiridos en cursos monográficos.

- Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso
- Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso
- Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso. So se valorarán aqueles cursos que, tendo relación co posto de traballo ofertado, fosen impartidos ou refrendados por Administración Públicas.





3 **ENTREVISTA PERSOAL** (Puntuación máxima 3 puntos): Consistirá en contestar de forma oral diversas preguntas propostas polo tribunal e relacionadas co desenvolvemento do traballo a realizar e coa ferramenta a empregar. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución.

4 **PROBA PRÁCTICA** (Puntuación máxima 5 puntos): Realización dunha proba de roza manual, con motodesbrozadora.

5.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A orde de clasificación definitiva dos aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas, e determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ó servizo. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores non seleccionados elaborarase una listaxe por orde de puntuación. No suposto de renuncia de algún dos traballadores contratados con anterioridade á finalidade da obra, substituirase por outro traballador de similares características, segundo a listaxe elaborada cos traballadores non seleccionados.

6.- TRIBUNAL CALIFICADOR

O tribunal cualificador estará conformado polos seguintes compoñentes:

TITULARES:

- Presidente: D. Gervasio López Rodríguez, Técnico do Concello de Negueira de Muñiz
- Secretario: D^a. Ana María Méndez Enríquez, Técnico de emprego do Concello de A Fonsagrada
- 1º Vocal: D. Armando Álvarez Rodríguez, Encargado de obras do Concello de Negueira de Muñiz
- 2º Vocal: D. Luis López Arias, Encargado de obras no Concello de Castroverde
- 3º Vocal: D. Darío Boudón Ferreiro, Operario de servizos do Concello de Castroverde.

SUPLENTES:

- Presidente: D. Óscar de la Parte Chana, Secretario-interventor do Concello de Negueira de Muñiz.
- Secretario: D^a. Beatriz Arenas Hernández, Auxiliar administrativo do Concello de A Fonsagrada.
- 1º Vocal: D^a. Jovita Graña Fernández, Administrativa do Concello de Negueira de Muñiz.
- 2º Vocal: D^a. Mari Carmen Díaz Fernández, Traballadora do Concello de Castroverde.
- 3º Vocal: D. Manuel Fernández Fernández, Traballador do Concello de Castroverde.

Os acordos do Tribunal serán adoptados por maioría dos asistentes.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os candidatos seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación.

7.- RELACIÓN DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SINATURA DO CONTRATO

Rematada a cualificación, publicarase no tableiro de anuncios da corporación a relación de aprobados por orde de puntuación, así como a proposta de nomeamento como persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato de obra de duración determinada, do traballador que obtivera a mellor puntuación do presente proceso selectivo, pasando os restantes traballadores que superaron dito proceso a integrar una bolsa de reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgún dos contratados.

A duración desta bolsa estará vixente ata o 30 de setembro de 2025.

Negueira de Muñiz, a 16 de xullo de 2025





Segundo.- Que se de traslado do anterior ao Libro de Decretos do Concello de Negueira de Muñiz, así como ao Pleno municipal na próxima sesión que de este se celebre.

O manda e asina en Negueira o Sr. Alcalde-presidente, D José Manuel Braña Pereda, na data da sinatura electrónica reflectida ao marxe, do que eu, D. Óscar de la Parte Chana, Secretario-interventor, tomo razón aos exclusivos efectos da función de fe pública comprensiva da transcripción ao libro de Resolucións e en cumprimento do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, coa finalidade de garantir a súa integridade e autenticidade.

O Alcalde-presidente
José Manuel Braña Pereda

O Secretario-interventor
Óscar de la Parte Chana

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

